# Programa do Entroido de Verín



Verín é unha vila fronteiriza situada no sureste da provincia de Ourense, paso obrigado cara a Portugal e Castela, na que se celebra anualmente un dos entroidos máis ancestrais, orixinais e participativos de Galicia.

Máscaras de gran atractivo estético e visual fúndense nun incomparable ambiente de festa popular, declarada de Interese Turístico Nacional, na que o colorido dos disfraces mestúrase co branco da fariña e o negro dos lumes pirotécnicos. Rúas e prazas acollen ata altas horas da mañá unha festa multitudinaria na que se presenta unha eclosión de creatividade e alegría.

Tras a primeira saída dos cigarróns o 17 de xaneiro, San Antón, arrinca o Entroido 2011, que continúa co Xoves de Compadres e queima do "Maragato". O Domingo de Corredoiro ten lugar o saúdo dos cigarróns á saída das misas, seguido dunha comida popular e un baile vespertino, onde se cederá o protagonismo aos maiores. O Desfile Infantil convértese no preludio do Xoves de Comadres, xornada na que miles de mulleres disfrazadas reúnense en ceas colectivas e diríxense, a media noite, a San Lázaro na procesión "Da vela e das sábanas brancas" para recibir á Raíña e a Don Carnal e escoitar o pregón, que pon punto seguido ás longas noites de festa no Entroido de Verín. Xa o Venres de Compadreo, o Capuchón e a Mascarita serán os únicos uniformes que portarán os asistentes ao percorrido polas distintas estacións e posterior baile. O Sábado, tras o "Bautizo do Cigarrón", festa e verbena como escusa para "correr ou Entroido". O Domingo, día grande, desfile matinal de comparsas, carrozas e cigarróns, e pola tarde concentración de máscaras e bailes ata ben entrada a madrugada. Xa o Luns, "Día da Farelada", xogos infantís amenizados pola música de charangas e orquestras. O Martes de Entroido, último día da gran xolda popular, desfile vespertino, máscaras, disfraces e grandes doses de humor acompañadas de acordes musicais ata o novo día. Como epílogo das festas, o Domingo de Piñata pecha a semana grande cunha comida popular.

## O Cigarrón

A figura máis representativa do Entroido de Verín é o Cigarrón. Protagonista da festa máis tradicional a súa orixe pérdese no tempo. Crese que puido ser un cobrador de impostos na época medieval, o encargado de levantar a caza do señor feudal ou un enviado da Igrexa para que os crentes non esquecesen a súa fe.

A careta está composta por madeira tallada e pintada, e unha mitra onde se pintan motivos animais ou zodáricos. Na parte posterior colócase unha pelica. A parte superior da indumentaria do traxe está conformada por unha camisa branca, garabata, pano bordado nos ombreiros e unha chaqueteira curta composta por tiras de pasamanería, flocos dourados e tres lazos de diferentes cores. Ademais, hai que engadir unha faixa onde irá o cinto coas chocas, complemento sonoro do Cigarrón. O pantalón, unha das partes máis laboriosas do traxe, está compostos por pondóns e bordados de encaixe. Zapatos negros, medias, ligas e un látego na man complementan a vestimenta do personaxe máis característico do Entroido de Verín.

# Programa del Carnaval de Verín

Verín es una villa fronteriza situada en el sudeste de la provincia de Ourense, paso obligado hacia Portugal y Castilla, en la que se celebra anualmente uno de los carnavales más ancestrales, originales y participativos de Galicia.

Máscaras de gran atractivo estético y visual se funden en un incomparable ambiente de fiesta popular, declarada de Interés Turístico Nacional, en la que el colorido de los disfraces se mezcla con el blanco de la harina y el negro de los fuegos pirotécnicos. Calles y plazas acogen hasta altas horas de la mañana una fiesta multitudinaria en la que se presenta una eclosión de creatividad y alegría.

Tras la primera salida de los cigarróns el 17 de enero, San Antón, arranca el Carnaval 2011, que continúa con el Jueves de Compadres y la quema del “Maragato”. El Domingo de Corredoiro tiene lugar el saludo de los cigarrones a la salida de las misas, seguido de una comida popular y un baile vespertino, donde se cederá el protagonismo a los mayores. El Desfile Infantil se convierte en el preludio del Jueves de Comadres, jornada en la que miles de mujeres disfrazadas se reúnen en cenas colectivas y se dirigen, a media noche, a San Lázaro en la procesión 'Da vela e das sábanas brancas' para recibir a la Reina y a Don Carnal y escuchar el pregón, que pone punto seguido a las largas noches de fiesta en el Entroido de Verín. Ya el Viernes de Compadreo, el Capuchón y la Mascarita serán los únicos uniformes que portarán los asistentes al recorrido por las distintas estaciones y posterior baile. El Sábado, tras lo 'Bautizo do Cigarrón', fiesta y verbena como excusa para "correr o Entroido". El Domingo, día grande, desfile matinal de comparsas, carrozas y cigarróns, y por la tarde concentración de máscaras y bailes hasta bien entrada la madrugada. Ya el Lunes, "Día da Farelada", juegos infantiles amenizados por la música de charangas y orquestas. El Martes de Carnaval, último día del gran jolgorio popular, desfile vespertino, máscaras, disfraces y grandes dosis de humor acompañadas de acordes musicales incluso el nuevo día. Como epílogo de las fiestas, el Domingo de Piñata cierra la semana grande con una comida popular.

## El Cigarrón



La figura más representativa del Carnaval de Verín es el Cigarrón. Protagonista de la fiesta más tradicional su origen se pierde en el tiempo. Se cree que pudo ser un cobrador de impuestos en la época medieval, el encargado de levantar la caza del señor feudal o un enviado de la Iglesia para que los creyentes no olvidaran su fe.

La careta está compuesta por madera tallada y pintada, y una mitra donde se pintan motivos animales o zodáricos. En la parte posterior se coloca una badana de piel. La parte superior de la indumentaria del traje está conformada por una camisa blanca, corbata, paño bordado en los hombros y una chaquetita corta compuesta por tiras de pasamanería, flecos dorados y tres lazos de diferentes colores. Además, hay que añadir una faja donde irá el cinturón con las chocas, complemento sonoro del Cigarrón. El pantalón, una de las partes más laboriosas del traje, está compuestos por borlas y bordados de encaje. Zapatos negros, medias, ligas y un látigo en la mano complementan el atuendo del personaje más característico del Carnaval de Verín.




FRUTAS






ENTROIDO
2010








ENTROIDO
24 27
(II)
3 4
5 6
7 8
13
(III)
VERÍN 2011
FESTA DECLARADA DE INTERESE TURÍSTICO NACIONAL